



**Concello de Cerdido**  
As Felgasas, s/n, A Barqueira  
15569 Cerdido (A Coruña)  
**981 41 10 00**  
[www.cerdido.org](http://www.cerdido.org) [correo@cerdido.es](mailto:correo@cerdido.es)



## Convocatoria do concurso de disfraces de entroido 2024

Co gallo da celebración do entroido durante o ano 2024 e motivado no interese de fomentar a participación nesta festividade de tódolos veciños e veciñas de Cerdido, o Concello de Cerdido convoca o Concurso de disfraces de Entroido. O obxectivo do concurso é ambientar a festa de entroido que se celebrará o día 10 de febreiro de 2024 a partir das 17:00 horas no pavillón polideportivo con motivo do entroido e motivar a poboación a participar na actividade.

### **BASES:**

**Primeira.** Poderá participar no concurso calquera persoa que asista disfrazada a festa de entroido organizada polo Concello de Cerdido, o día 10 de febreiro de 2024 no pavillón polideportivo.

**Segunda.** Poderán participar no concurso de xeito individual ou formando parte dun grupo e poderán acceder ao premio da categoría infantil ou adulta. Para participar na categoría infantil os participantes deberán ter menos de 16 anos. As persoas de 16 anos ou máis participarán no concurso na modalidade adulta, do mesmo xeito cando formen parte dun grupo no que a maioría dos membros teñan 16 anos ou máis.

**Terceira.** Habará dúas modalidades de premio:

3.1.- Categoría infantil. Poderá participar calquera persoa de xeito individual ou grupal. O premio consistirá nunha cesta formada por produtos doces e salgados.

3.2.- Categoría adulta. Poderá participar calquera persoa de xeito individual ou grupal. O premio consistirá nunha cesta formada por produtos de entroido.

**Cuarta.** O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello e formaran parte del dúas persoas máis. Actuará como secretaria a da corporación ou a persoa en quen delegue. O xurado poderá declarar deserto o premio no caso de que os disfraces presentados non sexan da categoría suficiente como para conceder un premio.

**Quinta.** As persoas participantes do concurso aceptan coa súa participación as presentes bases e ceden o uso das imaxes para que o Concello de Cerdido poida facer uso delas e publicalas na páxina web, nas redes sociais e medios de comunicación que considere sempre coa finalidade de darlle publicidade ao concurso, así como para que poidan ser incorporadas ao expediente de Convocatoria do Concurso de disfraces 2024.

**Sexta.** A persoa designada como secretaria do concurso levantará unha acta dos resultados obtidos a través da puntuación do xurado na que fará constar os resultados da votación e a proposta das persoas seleccionadas como gañadores do concurso nas modalidades infantil e adulta.